

FISIOTERAPIA XERAL

Pablo Campo Prieto, Gustavo Rodríguez Fuentes (coordinador), M^a Mercedes Soto González e docentes pendientes de contratación (Docente 1 y Docente 2).

Curso 2020-21

Clases teóricas: martes de 17:40 a 19:40 e jueves de 15:40 a 17:40 horas.

Clases prácticas: de lunes a jueves de 9:15 a 13:15.

VALORACIÓN DA MATERIA

Para superar a materia, terase que acadar, polo menos, **5 puntos sobre os 10** posibles. A distribución global da cualificación da materia pódese observar no seguinte esquema:

	Porcentaxe	Puntos
Exame teórico	40%	4
Exame práctico	50 %	5
Traballo	10%	1
TOTAL	100%	10

Polo menos, para facer media entre os exames teórico e práctico, x alumnx deberá acadar 5 puntos na escala de 0 a 10 puntos.

Farase media entre os **exames teórico e práctico** sempre que se acade un 5 na escala de 0 a 10 puntos en cada un deles.

O **exame teórico** valorarase dentro da escala de 0 a 10 puntos. Todas as preguntas terán o mesmo valor dentro do exame teórico.

Terá unha duración de dúas horas como máximo.

Constará de 10 preguntas cortas¹: 3 de masoterapia, 2 de hidroterapia, 1 de termoterapia, 1 de crioterapia, 2 de fototerapia e 1 de magnetoterapia.

A cualificación obtida (nunha escala de 0 a 10 puntos) pasarase logo á escala que corresponda para facer a media co exame práctico e o traballo.

O **exame práctico** consistirá en dar resposta práctica a 5 aplicacións das vistas durante o cuadrimestre elixidas ao azar polx alumnx: 1 de masoterapia larga, 1 de masoterapia curta, 1 de hidroterapia, 1 de termoterapia ou crioterapia, e 1 de magnetoterapia ou fototerapia. As preguntas valoraranse de 0 a 10 pero despois ponderarase o seu valor dentro do exame práctico, pois as preguntas non valerán o mesmo (véxase a *Guía docente* da materia).

Para presentarse ao exame práctico, @ alumn@ terá que presentarse primeiro ao teórico. Sortearase a persoa a partir da que dará comezo o exame práctico.

A cualificación obtida (nunha escala de 0 a 10 puntos) pasarase logo á escala que corresponda para facer a media co exame teórico e o traballo.

En caso de non aprobar a materia, as preguntas non superadas cun 5 ou máis do exame práctico na convocatoria de xaneiro teranse que repetir na convocatoria de xullo.

O **traballo** terá un valor máximo sobre a nota final de 1 punto (0,5 puntos polo traballo entregado, 0,25 pola análise e comentarios feitos dos dous grupo que lles corresponda valorar, e 0,25 pola presentación realizada). Teranse en conta as seguintes consideracións:

- É obrigatorio a realización, exposición e defensa do traballo da materia.
- O traballo farase en grupo (o número de compoñentes dependerá da matrícula na materia). Haberá 12 grupos de traballo.
- O traballo considerarase aprobado en caso de acadar, cando menos, 0,5 puntos nel.
- No caso de non aprobar o traballo, para xullo haberá que facer un traballo parecido, pero dun xeito individual.

¹ As preguntas cortas son ben de relacionar conceptos, ben de aplicación nunha situación concreta ou ben sobre contidos específicos.